



Concello de Cangas



- XI CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL -

Bases:

- **Destinatarios:** Establecerase unha única categoría para nen@s de idades comprendidas entre os **3 e os 15 anos**.
- **Postais:** Versarán sobre o Nadal, e farase alusión á biblioteca e ao mundo da lectura. Todas as postais deben ir identificadas na súa parte traseira cos datos persoais do participante (nome, apelidos, dirección, idade e teléfono).
- **Formato e materiais:** O formato a presentar será en cartoliña A4 facilitada pola biblioteca.
- **Presentación dos traballos:** Cada participante poderá entregar unha única postal.
- **Entrega das postais:** O prazo de entrega establécese do **1 ao 22 de decembro do 2017**.
- **Exposición:** As postais estarán expostas na Biblioteca dende a súa presentación ata o día de entrega de premios.
- **Premios:** Haberá unha postal gañadora en cada Biblioteca. Cada gañador recibirá **un lote de libros**. Os gañadores daranse a coñecer o **10 de xaneiro do 2018**. De entre as cinco postais gañadoras, seleccionárase unha, e ésta será a imaxe do cartel que anuncie a seguinte edición do concurso.
- **Propiedade:** O Concello de Cangas resérvase a posibilidade de publicar as obras presentadas a concurso no momento que considere convinte. Neste sentido o autor renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor, e o exemplar que entregue da súa obra quedará en propiedade do **Iltmo. Concello de Cangas**.
- A participación no concurso implica a plena aceptación das bases.
- A organización resérvase o dereito a cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigado a comunicarllo previamente aos participantes.
- **Máis información:** Para calquera dúbida póñase en contacto co **bibliotecari@** ou en www.bibliotecasmunicipaisdecangas.blogspot.com
www.bibliotecaspublicas.es/cangas/